



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN, UNIVERSIDADE
E FORMACIÓN PROFESIONAL

CEIP Raquel Camacho

Rúa Antonio Pedreira Rios, 13-15
15011 A Coruña
Tlf.: 981 25 71 54 Fax: 981 92 42 76
ceip.raquel.camacho@edu.xunta.es
www.edu.xunta.gal/centros/ceipraquelcamacho



galicia

Borrador 1_Versión 30-08-2020

PROGRAMA DE ACOLLIDA CURSO 2020-21 CEIP RAQUEL CAMACHO





CONTEXTUALIZACIÓN.

Segundo as instrucións do 30 de xullo de 2020, da dirección xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa, en relación ás medidas educativas que se deben adoptar no curso académico 2020-21, nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia nos que se imparten as ensinanzas dea Educación infantil, da educación Primaria, da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato, o CEIP Raquel Camacho procede a elaborar o presente Programa de acollida co fin de facilitar a incorporación do alumnado afectado pola suspensión da actividade lectiva presencial durante o curso 2019-20.

Este Programa de acollida elabórase polo Equipo directivo, coas aportacións de todo o profesorado, seguindo as directrices marcadas pola Consellería, a pesar de non ter formación en materia sanitaria nin de organización en aspectos relacionados coa prevención de riscos laborais.

1.- NOVAS NORMAS DE ORGANIACIÓN E FUNCIONAMENTO DO CENTRO

Segundo o Plan de Adaptación do CEIP Raquel Camacho, achégase a seguinte información, organización e instrucións para a comunidade educativa

1.- ENTRADAS E SAÍDAS. FLUXOS DE MOVEMENTOS.

Tal e como se establece no punto 11 do protocolo de adaptación ao contexto da Covid-19 nos centros de ensino non universitario de Galicia para o curso 2020-2021, no noso centro educativo habilitaranse diferentes entradas e saídas para o alumnado das diferentes etapas educativas (Infantil, Primaria) distanciadas no tempo.

O obxectivo principal da proposta que facemos a continuación é **evitar as aglomeracións e os tempos de espera** nas entradas e saídas.

O **éxito** desde plan vai **depende** do **cumprimento estrito dos horarios** establecidos tanto polas como por parte do profesorado.

1.1.- HORARIOS DE ENTRADA E SAÍDA

Transporte:



Entrada: 8:45 entrarán pola entrada principal, sendo custodiados no hall por un membro do equipo directivo, ata a chegada dos titores que os acompañarán ás respectivas aulas.

Saída: ás 14:00 horas pola entrada principal acompañados do monitor de transporte. Este grupo de alumnos abandonará as aulas ás 13:45 para non coincidir con outros grupos e dirixiranse ao hall da entrada principal, onde agardarán en fila e mantendo a distancia custodiados por un membro do equipo directivo ata a chegada do monitor/a que os leva ata o transporte.

Educación infantil:

Entrarán e sairán polo portalón do patio.

Entrada: entre 9:00 e 9:15h

Saída: 13:45h

Durante o período de adaptación poderase flexibilizar este horario ata o día 30 de setembro, quedando da maneira que se reflicte nos seguintes cadros.

4º DE EDUCACIÓN INFANTIL		
ENTRADA		
SAÍDA		

5º DE EDUCACIÓN INFANTIL		
ENTRADA		
SAÍDA		

6º DE EDUCACIÓN INFANTIL		
ENTRADA		
SAÍDA		

Educación primaria: 1º, 2º e 3º de E.P.

Entrarán e sairán polo **portalón traseiro** (aparcadoiro).

Entrada:

As 8:50h entrará 3º de Educación primaria.

Ás 8:55 entrará 2º de Educación primaria.

Ás 9:00 h entrará 1º de Educación primaria.

Saída:

Ás 13:50h sairá 3º de Educación primaria



Ás 13:55h sairá 2º de Educación primaria

Ás 14:00h sairá 1º de Educación Primaria.

Nas entradas/saídas débese manter a distancia de seguridade e entrar/ saír en filas de 1

Educación Primaria: 4º, 5º e 6º de E.P.

Entrarán e sairán **polo portalón do patio.**

Entrada:

8:50h entrará 6º de Educación primaria

8:55h entrará 5º de Educación Primaria

9:00h entrará 4º de educación primaria

Saída:

13:50 sairá 6º de educación primaria

13:55 sairá 5º de educación primaria

14:00h sairá 4º de educación primaria

Nas entradas/saídas débese manter a distancia de seguridade e entrar/ saír en filas de 1

CONSIDERACIÓNS IMPORTANTES:

- Durante o desprazamento do alumnado polo interior do centro tratarase de evitar na medida do posible que o alumnado toque paredes, barandas ou outros obxectos que atope ao seu paso.
- Nas entradas/saídas débese **manter a distancia de seguridade e entrar/ saír en filas de 1.**
- **Non se permite a entrada dos proxenitores no centro educativo** (salvo razóns xustificadas ou relacionadas con procesos administrativos, ou cando a presenza sexa requerida polo propio centro).
- Só se permite **un acompañante por alumno/a**, debendo extremar as medidas de hixiene e distanciamento co resto do alumnado, acompañantes e profesorado. Recoméndase que as persoas adultas que acompañen ao alumnado non pertencen a grupos de risco.
- Os **irmáns maiores** saen e entran polo espazo e no horario destinado para os seus irmáns máis pequenos.
- **Non** se permite que o alumnado a saída quede formando **agrupacións nos patios** ou que xogue nos mesmos, polo que se regularán as saídas directamente ao exterior do recinto.
- Solicítase ás familias a necesidade da responsabilidade persoal de **non facer agrupamentos nos accesos ao centro escolar.**
- O profesorado especialista de Educación Infantil permitirá achegarse á entrada da aula dos acompañantes coa máscara sempre que así o consideren por motivos afectivo-emocionais pero sen acceder ao interior da mesma.



- Nos **casos en que o alumnado chegue ao centro fóra do horario de entrada**, e se atopen os portalóns traseiro e do patio cerrados, accederán pola entrada principal, coa correspondente xustificación do seu retraso. O alumnado de educación infantil será acompañado á aula pola conserxe. A partir de 1º de Primaria será o alumno/a o que acceda á aula sen acompañamento seguindo o traxecto de entrada sinalizado no chan.
- **O profesorado que teña a última sesión** con cada grupo será o responsable de que todo o material da aula quede recollido e desinfectado e recordará a colocación da máscara e o mantemento da distancia de seguridade. Acompañará ao alumnado ata a saída. Na filas, irán colocados primeiro os que teñen autorización para saír sos (alumnado de 5º e 6º de Educación primaria), despois os que recollen as familias e por último os de comedor, que serán acompañados ata o pavillón onde os esperarán os monitores. Cando un alumno non sexa recollido puntualmente ocuparase de chamar á súa familia e agardar a que sexa recollido.
- O número de **profesores de garda** precisos para facer efectiva a entrada e a saída do recinto escolar en condicións de seguridade, é a totalidade do equipo docente segundo o seu horario lectivo.
- O centro establecerá horarios específicos que se publicarán na páxina web para a atención das familias por aspectos administrativos. No caso de requirir atención por motivos educativos, establecerase unha cita por mensaxería Abalarmóbil non coincidentes con horarios de entrada e saída nin con intercambios de clase ou recreos.
- Nos **corredores** estableceranse **sentidos de entrada e saída** diferentes en ambas marxes do corredor de forma que indiquen a circulación pola dereita de forma individual respectando a distancia de seguridade tal e como indica a cartelería pertinente.
- Na entrada e saída da aula e nos momentos de retorno do recreo, o profesorado velará pola orde dos movementos e fluxos do alumnado seguindo as quendas dos horarios establecidos.

1.2.-ORGANIZACIÓN DE ENTRADAS

- Diferenciamos 3 portas de entrada:

- 1.- Entrada principal por onde accederán os mestres/as, persoal de administración e limpeza, e o alumnado transportado.
- 2.-O portalón do patio por onde accederán Educación Infantil, 4º, 5º e 6º de educación primaria.
- 3.-O portalón traseiro, por onde entrarán e sairán 1º, 2º e 3º.

Educación Infantil.

-O alumnado de **Educación Infantil**, accederá polo portalón do patio. Como todas as aulas dan ao patio central e teñen as entradas separadas, cada titor/a esperará ao seu alumando no interior das aulas e o acompañante deixará ao alumno/a na porta da aula sen acceder ao interior da mesma. O alumnado accederá ás aulas entre as 9:00 e 9:15

Educación Primaria

-Haberá 2 profesores de garda en cada patio para ir recollendo e dirixindo ao alumando á fila correspondente.



-O alumnado de **terceiro** accederá ao centro polo portalón traseiro e accederá ás aulas ás 8:50 co profesor que teña clase á primeira sesión. Comezará entrando o grupo A. Haberá profesorado de garda no corredor para garantir que se cumpran as normas. Á entrada na aula comezarán coas rutinas de limpeza de mans e colocación do material.

-O alumnado de **segundo** accederá ao centro polo portalón traseiro e accederá ás aulas ás 8:55 co profesor que teña clase á primeira sesión. Comezará entrando o grupo A. Haberá profesorado de garda no corredor para garantir que se cumpran as normas. Á entrada na aula comezarán coas rutinas de limpeza de mans e colocación do material.

-O alumnado de **primeiro** accederá ao centro polo portalón traseiro e accederá ás aulas ás 9:00 co profesor que teña clase á primeira sesión. Comezará entrando o grupo A. Haberá profesorado de garda no corredor para garantir que se cumpran as normas. Á entrada na aula comezarán coas rutinas de limpeza de mans e colocación do material.

-O alumnado de **sexto** accederá ao centro polo portalón do patio e accederá ás aulas ás 8:50 co profesor que teña clase á primeira sesión. Comezará entrando o grupo A. Haberá profesorado de garda no corredor para garantir que se cumpran as normas. Á entrada na aula comezarán coas rutinas de limpeza de mans e colocación do material.

-O alumnado de **quinto** accederá ao centro polo portalón do patio e accederá ás aulas ás 8:55 co profesor que teña clase á primeira sesión. Comezará entrando o grupo A. Haberá profesorado de garda no corredor para garantir que se cumpran as normas. Á entrada na aula comezarán coas rutinas de limpeza de mans e colocación do material.

-O alumnado de **cuarto** accederá ao centro polo portalón do patio e accederá ás aulas ás 9:00 co profesor que teña clase á primeira sesión. Comezará entrando o grupo A. Haberá profesorado de garda no corredor para garantir que se cumpran as normas. Á entrada na aula comezarán coas rutinas de limpeza de mans e colocación do material.

En todos os niveis educativos empregarán a parte dereita dos corredores e escaleiras, que estarán sinalados para establecer un sentido de circulación.

1.3.- ORGANIZACIÓN DE SAÍDAS

- Haberá 2 profesores de garda en cada patio para garantir que o alumnado e familias abandonen o patio o antes posible.

Educación Infantil

O alumnado de educación infantil será recollido nas portas das respectivas aulas polo familiar a cargo ás 13:45. Sairán polo portalón do patio e non se demorarán nas instalacións do centro.

Educación Primaria



1º, 2º e 3º sairán polo portalón traseiro, par evitar aglomeracións comezará saíndo ás 13:50 terceiro de educación primaria, comezando polo grupo A, ás 13:55 si os corredores están baleiros comezará a saír 2º de educación primaria, comezando polo grupo A e ás 14:00 horas sairá primeiro de Educación primaria comezando polo grupo A débese saír en fila de 1, mantendo a distancia de seguridade e haberá que esperar que o corredor estea libre para efectuar as saídas dos diferentes cursos. Haberá profesorado de garda nos corredores para garantir que se cumpran as normas.

4º, 5º e 6º de educación primaria sairá polo portalón do patio. Comeza a saír 6º de Educación primaria ás 14:50 horas, comezando polo grupo A, a continuación 5º de Educación primaria ás 13:55, comezando polo grupo A e as 14:00 horas sairá 4º de Educación Primaria comezando polo grupo A. Antes de saír da aula o profesor que se atope co grupo debe verificar que o corredor está libre para efectuar a saída que debe ser ordenada en fila de un e mantendo a distancia de seguridade. O alumnado de 5º e 6º que ten permiso para marchar sós debe de ir en primeiro lugar na fila e saír do centro sen demorarse , ao igual que os familiares que veñan a recoller ao resto do alumnado para evitar aglomeracións no patio e nas inmediacións do mesmo. Haberá profesorado de garda no corredor para garantir que se cumpren as normas.

* O **alumnado de comedor** 2º a 6º de Ed. Primaria irá colocado ao final da fila e será levado polo profesor da última sesión ao pavillón onde o recollerán os monitores.

*O **alumnado que non sexa recollido puntualmente** quedará a cargo do profesor/a que lle toque á última sesión e se fará cargo de chamar á familia e agardar a que sexa recollido.

1.4.-ORGANIZACIÓN ALUMNADO TRANSPORTADO

-O alumnado transportado chega ao centro ás 8:45 acompañados da monitora de transporte, entrarán pola entrada principal, e serán custodiados por un membro do equipo directivo ata que cheque o seu titor no hall do colexio.

-O titor/a levaraos para a aula correspondente. Como son poucos alumnos (6 en total) poden agardar mantendo a distancia de seguridade.

-A Saída tamén se realizará pola entrada principal ás 14:00 horas, sairán das respectivas aulas ás 13:45h para non interferir coa saída do resto do alumnado e agardarán á monitora do transporte no Hall da entrada principal baixo a supervisión dun membro do equipo directivo, en fila e mantendo a distancia de seguridade.

1.5.-ORGANIZACIÓN DOS RECREOS

Realizaranse tres quendas de recreo.

Unha para educación Infantil, subdividida en varias quendas, que se concretarán no mes de setembro, con dous profesores/as de garda por nivel.



-E dúas quendas de recreo en educación primaria que sairán e entrarán de maneira escalonada.

- Non está permitido que o alumnado cambie de sector de patio durante o recreo.

-E obrigatorio o uso de mascarillas.

1ª quenda: (3º, 5º E 6º): de 10:40 a 11:25, sendo os recreos de 30 minutos, pero saíndo escalonadamente cada 5 minutos dous niveis para que non haxa aglomeracións.

Sairase seguindo a seguinte orde, en filas de 1 e con distancia de seguridade, non se pode saír ao corredor mentres non remate de saír a clase anterior:

3ºA (pista instituto parte esquerda)+6ºA (pavillón gradas)

3ºB (Pista instituto, parte dereita)+6ºB (pavillón, canastas)

5ºA pista verde portalón

5ºB pista verde baixada

Ao igual que para a saída as entradas faranse de maneira ordenada en filas de 1 e mantendo a distancia de seguridade.

2ª quenda:(1º, 2º e 4º de educación primaria) de 11:30 a 12:00

Sairase seguindo a seguinte orde, en filas de 1 e con distancia de seguridade, non se pode saír ao corredor mentres non remate de saír a clase anterior:

1ºA (pista dereita do instituto) +4ºA (pavillón gradas)

1ºB (pista esda- do instituto) + 4ºB (pavillón canastas)

2ºA (pista verde portalón)

2ºB (pista verde baixada)

-Ao igual que para a saída, as entradas faranse de maneira ordenada en filas de 1 e mantendo a distancia de seguridade.

- E moi importante cumprir estritamente cos horarios.

- Crearanse 4 zonas diferenciadas que garantan que cada nivel pode ter un espazo de recreo no que se respecte a distancia social:

1. Patio de infantil, na zona Central.

2. Pistas do instituto. Entrada e saída pola porta traseira



3.- Pista verde

4.-Pavillón cuberto.

-Cada zona estará dividida en 2 partes con sinalización de conos, unha para cada nivel, co fin de que non se mesturen entre grupos. Os cursos A e B de cada nivel cambiarán de zona por semana para que poidan disfrutar das distintas zonas do patio adxudicado.

- As zonas serán asignadas de xeito rotatorio aos diferentes niveis educativos.

-Ao finalizar o recreo **IRÁN DIRECTAMENTE ÁS AULAS, NON PODERÁN PARAR NOS BAÑOS**, á volta do recreo serán os profesores/as que teñan docencia no grupo os que regularán o fluxo de asistencia ao baño controlando a hixiene de mans e o aforo.

- Os **días de chuvia** o alumnado permanecerá na súa aula, e, usando máscara, permitirase a interacción entre os nenos dentro da mesma aula. Aumentarase a ventilación da aula, e as xanelas permanecerán abertas durante todo o recreo.

1.5.1.-Vixiancia do alumnado

Contarase para a vixiancia do alumnado con todo o profesorado do centro.

Entradas:

1 mestre/a por cada curso que recollerá o alumnado na zona común e o acompañará ata a aula correspondente.

1 mestre en cada corredor

2 mestres en cada un dos patios

- Recreo:

Haberá diferentes quendas de recreo para educación Infantil e 2 quendas para educación primaria 10 mestres/as en cada quenda de primaria (4 nos corredores e 6 nas diferentes zonas creadas)

6 mestres/as no recreo de infantil.

Saídas:

- Cada grupo sairá co titor ou especialista que lle corresponde á última hora. 12 mestres en Educación primaria e 6 en Educación Infantil. O profesorado especialista fará gardas no patio para evitar que se formen aglomeracións e recordar que se debe abandonar o patio o antes posible.

- Haberá un mestre en cada corredor para garantir que se cumpren as normas.



1.6.- ORGANIZACIÓN DO COMEDOR

Xestionado pola Anpa que facilitará o seu protocolo. Desde o Centro propoñemos:

- Debido á flexibilización permitida na última hora, estableceríamos unha quenda para o alumnado de educación Infantil e primeiro de Educación primaria antes da finalización da xornada lectiva. Isto permitiría colocar nas mesmas a alumnado que forme parte dun grupo de convivencia estable. En calquera caso, Colocaranse as cadeiras separadas a 1m de distancia entre sí e en zig-zag a 1,5m de distancia como medida de seguridade adicional. O alumnado de Educación Infantil e 1º de Ed. Primaria será recollido nas aulas polos monitores do comedor. O profesorado encargarse de que o alumnado faga unha correcta hixiene de mans antes de acceder ao comedor e a máscara posta.

- Para o alumnado de primaria organizaríanse outras dúas quendas, a primeira para 2º, 3º e 4º A de primaria e outra para 4ºB, 5º e 6º, cos mesmos criterios que en infantil, con mesas para alumnado pertencente a un grupo de convivencia estable e coa separación entre cadeiras. O profesorado encargarse de deixar ao alumnado de comedor cos monitores do mesmo no espazo asignado.

- Entre cada quenda realizarase unha limpeza/desinfección das mesas e cadeiras, e sempre que a situación metereolóxica o permita haberá unha ventilación constante. Si non farase unha ventilación de polo menos 5/10 minutos entre quenda e quenda.

-Durante o comedor o alumnado de infantil que precise ir ao **baño** será acompañado por un monitor. O resto do alumnado irá sen acompañamento e coa vixianza de que se manteña o aforo dos baños (1 só alumno/a).

- Cando rematen de comer volverán a poñer a **máscara** e todo o alumado terá que facer unha **hixiene de mans**.

- A **saída** tamén será escalonada. Conforme vaian acabando de comer os diferentes grupos sairán o grupo completo, sen coincidir no tempo con outro grupo. As coidadoras do comedor serán as encargadas de xestionar a saída.

- En canto a tempo de lecer despois do comedor farase nos seguintes espazos:

- **Educación Infantil 1º e 2º de Primaria:** sempre que sexa posible o recreo será no patio de infantil. Non poderán xogar nos xogos de infantil si non se fai unha desinfección despois de que a use cada neno/a. Cando as condicións meteorolóxicas non o permitan farán o recreo no ximnasio
- O **resto do alumnado** fará o recreo na pista verde e se o tempo metereolóxico non é favorable no pavillón cuberto.

-Todo o persoal de comedor deberá usar en todo momento máscara.

-As coidadoras de comedor repartiranse para a atención tanto no comedor coma no tempo de lecer.



1.7.- ORGANIZACIÓN DAS ACTIVIDADES EXTRAESCOLARES.

Corresponde ao Concello e a Anpa a Organización e elaboración do protocolo para estas actividades. Desde o centro regulamos ás entradas e saídas das mesmas así como o fluxo dentro do centro.

O alumnado de Educación infantil, 1º e 2º de educación primaria que se queda ao comedor e que acude as actividades extraescolares será acompañado ata as aulas correspondentes polos monitores de comedor.

O alumnado de Educación primaria acudirá á aula correspondente onde o estará esperando o monitor.

O alumnado que ven das súas casas entrará pola porta principal e dirixirase á aula correspondente, non podendo acceder os acompañantes ao interior do Centro.

Para acceder ás aulas é responsabilidade do monitor que o alumnado desinfecte as mans, empregue en todo momento máscaras e porte o seu material de uso individual. Cando remate a actividade cada alumno/o debe hixienizar o seu posto, revisado polo monitor, e saír de maneira ordenada en filas de 1 e mantendo a distancia de seguridade.

Si se utiliza a mesma aula para 2 actividades distintas, haberá que ventilar a aula durante 10 minutos entre cada actividade.

Cando o alumnado vaia ao baño ten que levar máscara, e hixienizar as mans antes de saír e ao entrar.

O aforo dos baños e de 1 persoa, polo que é responsabilidade do monitor evitar que non se produzan aglomeracións.

Para efectuar as saídas establecerase unha orde, saíndo en primeiro lugar as aulas máis próximas á porta de entrada. Cando todo o alumnado dunha aula estea entregado, sairá a seguinte. O alumnado será entregado ás familias polos monitores da actividade na porta de Entrada principal. Non podendo acceder as familias ao interior do Centro.

O alumnado que non sexa recollido puntualmente, esperará na terraza entre pavillóns e en caso de choiva no hall do pavillón 2.

1.8.- FLUXO DE MOVEMENTOS DURANTE A XORNADA ESCOLAR

En Educación Infantil non é preciso sinalizar os sentidos de entrada e saída posto que todas as aulas dan directamente ao patio exterior, e están separadas unhas das outras.

O grupo estable de convivencia de Infantil terá todas as clases na aula de referencia e só se desprazarán ao ximnasio na sesión de psicomotricidade, si non é posible facer a sesión ao aire libre.

Nas plantas 1 e 2 dos dous pavillóns o **corredor estará sinalizado no chan indicando a dirección da circulación para os desprazamentos**. Circulando sempre pola dereita en sentido da marcha. O mesmo ocurrirá coas escaleiras. Subirán e bajarán sempre pola dereita, tal e como indican as sinalizacións do chan.



Independentemente do lugar onde teña lugar o recreo e, ao finalizar **IRÁN DIRECTAMENTE ÁS AULAS, NON PODERÁN PARAR NOS BAÑOS**, á volta do recreo serán os profesores/as que teñan docencia no grupo os que regularán o fluxo de asistencia ao baño controlando a hixiene de mans e o aforo.

1.9.-AGRUPACIÓNS:

Grupos de Convivencia Estable cuxos membros poden socializar e xogar entre si sen ter que manter a distancia interpersoal de forma estrita. Estes grupos de convivencia estable deberán evitar a interacción con outros grupos do centro educativo, limitando ao máximo o número de contactos, o que non faría necesario gardar a distancia interpersoal de 1 metro en aula.

Para **cubrir as ausencias do profesorado nos grupos estables de convivencia procurarase que se cubran na medida do posible con con profesorado que imparta docencia no grupo estable.**

Alumnado e profesorado titor non terán que usar **maskarilla** de forma obrigatoria dentro da aula (aínda que é recomendable que o fagan) pero si que o farán **nos desprazamentos polo centro:**

- Para ir ao comedor
- No tempo de lecer
- Para ir ao baño
- Na saída e entrada do centro

O **profesorado especialista** fará uso **da máscara** .

Os grupos estables de convivencia terán como único **espazo** para as **actividades lectivas** a aula asignada, con excepción das horas de psicomotricidade/educación física, música, Valores/relixión e nas de Reforzo, que deberán ser desinfectadas e ventiladas durante 5/10 minutos polo profesorado responsable do grupo antes de que sexa usada por outros alumnos/as.

A merenda da mañá poderá tomarse dentro da aula antes de baixar ao patio, o profesorado responsable do grupo nese momento encargarse da limpeza de mans antes e despois e desinfectarase a superficie da mesa usada para a merenda. Procurarase ter a aula ventilada. No caso de facer a merenda no patio vixiarase que non se tiren desperdicios ao chan, que non se compartan as merendas e que se manteña a distancia de seguridade-

Cada alumno/a terá a súa **botella/bote con auga** que traerán cada día **da casa** na mochila. En ningún momento compartirán botellas, vasos, cubertos etc.

Os xogos do patio de infantil só serán usados polo grupo estable de convivencia de infantil e desinfectados despois de cada uso.

Estes grupos estables de convivencia sentaranse na mesma mesa no **comedor** mantendo a distancia co resto dos grupos. Non poderán estar en ningún momento noutra mesa que non sexa a que lles corresponde.

1.10.-TITORÍAS COAS FAMILIAS:

-As titorías levaranse a cabo todos os luns de 16h a 17h con cita previa empregando as canles habituais: abalarmóbil, E-dixgal, chamada telefónica.



- Si é posible realizaranse de maneira telemática, no caso de ser presenciais, terán lugar na aula da titoría do alumno/a e coas seguintes **medidas**:

- Emprego de máscara.
- Hixiene de mans ao acceder á aula.
- Colocación de mesas como separación para garantir a distancia.
 - Ter as ventás da aula abertas para favorecer a ventilación da mesma.
- No caso de ser preciso a revisión dunha proba escrita, solicitarase previamente para ter unha copia e evitar a manipulación conxunta de documentos.

- As **reunións de inicio** de curso faranse si a situación sanitaria o permite de xeito presencial, limitando a presenza a unha persoa por familia para poder garantir a distancia interpersonal, sendo obrigatorio o emprego de máscara.

As reunións realizaranse na biblioteca e no ximnasio, debido a que son os espazos máis amplos (162,48m² e 110,97m² respectivamente) do colexio que permiten a colocación de 25 cadeiras mantendo a distancia de seguridade. Se fose preciso dividiríase a clase e faríanse as reunións en distintas quendas. O importante é poder chegar a todas as familias para darlle toda a información sobre o desenvolvemento do curso escolar 20-21 e responder a todas as súas dúbidas.

-Se o tempo o permite poderíanse facer no exterior do centro (patio de infantil e terraza entre pavillóns)

Cadro de datas das reunións coas familias (no caso de ser posible realizalas de maneira presencial, e con un aforo de 25 persoas).

Asistirá só unha persoa por familia. É obrigatorio o uso de máscara

CURSO	DATA	HORA
4º de Ed. Infantil (3 anos)	luns 7 de setembro	12:00 horas.
5º de Ed. Infantil (4 anos)	martes 8 de setembro	16:00 horas
6º de Ed. Infantil (5 anos)	martes 8 de setembro	18:00 horas
1º de Ed. Primaria	luns 7 de setembro	18:00 horas
2º de Ed. Primaria	venres 4 de setembro	16:00 horas
3º de Ed. Primaria	xoves 3 de setembro	18:00 horas
4º de Ed. Primaria	venres 4 de setembro	18:00 horas
5º de Ed. Primaria	xoves 3 de setembro	16:00 horas
6º de Ed. Primaria	luns 7 de setembro	16:00 horas



1.11.-CONVOCATORIAS E REUNIÓNS DE CLAUSTROS, CCP, EQUIPOS E CONSELLOS ESCOLARES

1.11.1.-Reunións de Equipos/ciclos:

- Para aquelas que impliquen a participación de **todo o profesorado** empregárase a **biblioteca**, xa que ten as dimensións axeitadas para manter unha distancia social axeitada.
- As reunións dos diferentes **equipos docentes** terán lugar na sala de mestres (sempre que participe un número inferior a 9 persoas), na biblioteca, aula de informática ou titorías.
- Para as reunións de **equipos de nivel ou ciclo** empregárase unha das **aulas** dese nivel ou ciclo, coas medidas de seguridade reflectidas neste plan.

1.11.2.- Reunións dos órganos colexiados:

1. **Claustro:** De poder realizarse de maneira presencial levaranse a cabo na biblioteca. No caso de que a situación o impida, empregárase a comunicación telemática usando a plataforma ofertada pola Consellería (cisco Webex)

2. **Consello escolar:** Terán dúas modalidades dependendo da situación epidemiolóxica no momento das mesmas. Deste xeito propoñemos:

- **Reunións telemáticas** na plataforma oficial que oferte a consellería.
- **Presenciais**, sempre e cando a evolución da covid o permita. Neste caso, e dado que o consello escolar está formado por 14 persoas, as reunións levaríanse a cabo nun espazo que garanta a distancia de seguridade e con ventilación suficiente. En principio, a biblioteca reúne estas condicións, posto que mide 110,97m².

Durante as reunións **todo o profesorado levará máscara** e haberá xel hixienizante dispoñible.

Todas as **convocatorias** de reunións serán remitidas por **medios electrónicos**, do mesmo modo se enviará a documentación necesaria para o desenvolvemento da reunión (documentos a aprobar). Polo que todo o profesorado ten a **obriga de facer revisión diaria do seu correo electrónico corporativo**.

1.11.3.- Xuntanzas da ANPA, facemos dúas distincións:

- **Reunións da directiva:** ao ser un número reducido de persoas, poderán facela de xeito presencial se a situación epidemiolóxica o permite, empregando un espazo do colexio o suficientemente amplo que garanta a distancia social. Farase unha solicitude previa para asignar espazo e facer as tarefas de desinfección e ventilación pertinentes.
- **Reunións xerais da ANPA:** estas reunións realizaranse, preferentemente, de xeito telemático.



No caso da necesidade de facela de modo presencial, terían lugar no ximnasio, garantindo a distancia e limitando o aforo a XX persoas, que son as que collen sentadas coa distancia de seguridade axeitada.

1.11.4.- Reunións na Sala de mestres:

- Nos recreos todo o profesorado que non estea de garda poderá estar nese espazo (aforo máximo 9 persoas). Prestando especial atención á ventilación da sala.
- Na sala haberá dispensador de xel hidroalcohólico, spray desinfectante e panos desbotables, así como papeleiras con bolsa/pedal.
- Cada docente debe desinfectar o espazo ocupado (mesa e cadeira) co spray desinfectante.
- Será responsabilidade individual dos usuarios dos ordenadores a limpeza e desinfección dos equipos de traballo con xel hidroalcohólico.
- Para empregar a máquina de café, os usuarios deberán realizar unha limpeza previa de mans e, ao finalizar, deberán empregar a papeleira para tirar os vasos desbotables

1.12.- USO DE MÁSCARA NO CENTRO:

- O uso de máscara no centro adecuarase á normativa existente recollida no protocolo da Consellería de Sanidade (Resolución do 17 de xullo de 2020), **non** deberá estar provista de válvula exhalatoria e deberá darse un uso axeitado á máscara, é dicir, esta deberá cubrir desde parte do tabique nasal ata o queixo, incluído.

-É moi importante a labor exemplarizante do profesorado como referente para os menores, por iso **empregarán en todo momento a máscara**, agás naqueles momentos nos que impida o normal desenvolvemento do seu traballo, como poidan ser as sesións de AL. Cando isto se produza, será obrigatorio manter a distancia de seguridade e aconséllase o emprego de pantallas/viseras protectoras.

- Nos diferentes espazos do centro o uso da máscara será obrigatorio (corredores, biblioteca, patios, baños, transporte, biblioteca, no comedor mentras non se está comendo, nas reunión de claustro Consello e Equipos, titorías, na aula de Educación física cando non se poida manter a distancia mínima...).

- Para o acceso ao centro toda persoa, tanto da comunidade educativa como externa, terá que levar máscara.

- Todo o alumnado maior de 6 anos ten que vir obrigatoriamente ao colexio con máscara. En caso contrario non poderá acceder ao centro escolar. Tamén é recomendable no alumnado de infantil, aínda que non obrigatoria.

- As mestras de EI poderán facer excepcións segundo as necesidades do seu alumnado se así o precisan para favorecer a adaptación e familiarización co uso da máscara (a lei contempla que non é de carácter obrigatorio no alumnado menor de 6 anos).



- E necesario ter un remanente de máscaras para o profesorado e para o alumnado.

1.13.- NORMAS PARA A REALIZACIÓN DE EVENTOS:

Debido á organización en grupos de convivencia estable, este curso non se realizarán actividades e celebracións de centro que xuntaban a unha gran cantidade de xente. Deste xeito, e salvo mellora enorme da situación epidemiolóxica non se celebrarán actos masivos como o Samaín,, o Magosto, o Día da Paz....

- Estas celebracións poden ter lugar dun xeito diferente, e lles corresponde aos diferentes aos equipos docentes a organización deles baixo estas premisas:

- Levalas a cabo, sempre que o tempo o permita, ao aire libre.
- Evitar mesturas de alumnado de diferente nivel, se non se poden garantir a distancia interpersoal de polo menos 1,5 m e o uso da máscara. É factible facer celebracións en quendas, sempre que se desinfecten os postos e o material empregado e se ventile a aula, en caso de non poder celebrase ao aire libre.
- Desinfección das mans para o acceso ao evento.
- Facer os labores de limpeza e desinfección preceptivas antes e despois da celebración do evento (materiais, cadeiras...).
- Uso de máscaras en todo momento.
- Evitarase o uso de micrófonos, e de ser preciso usalos, desinfectaranse antes e despois de que os use cada persoa.
- No caso de que se use un equipo musical será manexado por unha única persoa.
- Emprego de medios telemáticos cando sexa preciso.

- En canto a **actuacións no propio centro**, poderán levarse a cabo sempre que as quendas respecten o aforo e se respecten as normas de hixiene e ventilación entre actos. (charlas, monicreques, obradoiros...). Se o tempo o permite é recomendable facelas ao aire libre ou no pavillón.

- As **saídas didácticas** poderán levarse a cabo respectando a normativa vixente no momento de realizalas, sobre todo en canto ao aforo de museos e salas e as de transporte. Aconséllase que se realicen dentro da propia localidade e ao aire libre, sendo un bo curso para explorar as zonas verdes coas que contamos na nosa cidade e realizar clases ao aire libre.

1.14.- NORMAS PARA O USO DAS AULAS:

1.14.1.- Dentro da aula establécense as seguintes medidas:

1.-Aproveitaranse os primeiros minutos para lembrar os protocolos de hixiene e contacto social (non tocar ollos, nariz e boca, facer unha desinfección adecuada de mans, uso correcto da mascara, manter distancia de seguridade,...)



- 2.- O alumnado accederá con máscara a aula e, realizará a limpeza de mans, colocará as súas prendas no colgadoiro ou respaldo da cadeira e organizará o seu material. Evitar deixar as mochilas no chan ou noutra superficie susceptibles de ser infectadas. As prendas que estean colgadas nos colgadoiros deben deixar polo menos un gancho de separación entre unha prenda e outra, evitando o contacto.
- 3.- Cada alumno/a debe levar e traer a diario todo o material que precise nunha mochila ou bolsa identificada que terá colgada na súa mesa ou cadeira. Non deben deixar no colexio ningún material para facilitar a limpeza.
- 4.-O alumnado de Infantil poderá deixar no seu casilleiro individual o material co que está traballando
- 5.- Cada alumno/a traerá o seu propio estoxo e material de uso común (e recomendable que cada alumno traia un pequeno bote de xel para que teña sempre encima da mesa e desinfecte o seu material). Na medida do posible todo debe vir rotulado co seu nome. O profesor/a entregará a cada alumno/a un xiz que gardará entre o seu material e empregará si fose preciso saír ao encerado. Si se emprega un rotulador para a pizarra dixital, procederase á desinfección posterior do mesmo.
- 6.-Extremarase a orde no posto de traballo e non se compartirá material cos compañeiros.
- 7.- Cando sexa preciso empregar un material de uso común desinfectarase unha vez rematado o seu emprego.
- 8.-Terán unha bolsa con nome para gardar a máscara cando non sexa necesario o seu emprego, cun colgador para poder colocala no gancho lateral das mesas. Tamén é recomendable que teñan un adaptador de máscaras.
- 9.- Distribuiranse os espazos segundo os modelos propostos nos anexos en función do número de alumnos. En todos os modelos existen pautas para que a distancia de traballo aumente entre o alumnado con respecto ao habitual.
- 10.- Formaranse grupos de traballo cooperativo estables, de tal xeito que se reduzan as interaccións físicas entre grupos. Garantindo así que dentro da aula o contacto directo unicamente se produza entre grupos dun máximo de catro alumnos. Nos momentos nos que todo o grupo poida estar xunto - recreos, traslados- o alumnado deberá portar máscara.
- 11.-Ao trasladarse de aula para levar a cabo as sesións de EF, música, valores/relixión ou saír ao patio, deberán respectar o percorrido sinalado no chan, levarán máscara, sairán de maneira ordenada e continua en filas de 1 en 1 e mantendo a distancia con respecto ao compañeiro anterior e posterior, evitando a formación de aglomeracións. Se houbera un grupo na nova aula, agardarase a que saia por completo o grupo anterior antes de entrar, ventilarase a aula e o grupo entrante hixienizará pupitres e mesas ou cadeiras.
- 12.-Limitaranse ao máximo, na medida do posible, os movementos dentro da aula, e cando sexan imprescindibles e impliquen a interacción con membros doutro grupo, será preciso o emprego da máscara.
- 13.-Cando haxa material de uso grupal, este estará debidamente sinalizado e o encargado do material, procederá á limpeza e desinfección de mans antes e despois de repartilo e recollelo.



14.- Cando o alumnado teña que facer presentacións ou falar para todo o grupo farase portando unha máscara, xa que con un ton elevado de voz de voz as gotículas alcanzan maior distancia.

15.- Cando un alumno/a teña que saír ao baño, levará a máscara e desinfectará as mans antes de saír e ao entrar na aula.

16.- Todo o profesorado especialista que entre na aula levará máscara e desinfectará as mans ao entrar.

17.-As ventás, portas, persianas, dispositivos de funcionamento da iluminación, os proxectores, e restantes ferramentas pedagóxicas serán unicamente usadas polo profesorado, coas medidas de seguridade e hixiene que procedan.

18.- Manteranse abertas as ventás o maior tempo posible, coidando da seguridade do alumnado. No caso de que as condicións metereolóxicas sexan adversas ventilarase a aula nos cambios de clase, durante os recreos...por espazo de 5 ou 10 minutos.

19.- **Recoméndase realizar as merendas dentro da aula**, desinfectando as mans antes e despois da merenda. Si as condicións metereolóxicas o permiten manter abertas as xanelas, coidando da seguridade do alumnado. Cada alumno debe traer a súa merenda nun recipiente cerrado tipo “Tupperware” , que por unha parte protexe a comida ata o seu consumo e por outra permite realizar a merenda sen apoiar a comida en superficies susceptibles de estar infectadas, e unha botella de auga que non se poderá reencher no colexio. **Todo debidamente identificado. Está totalmente prohibido compartir bocadillo ou botellas de auga entre o alumnado.**

20.- **No caso das aulas que son usadas por máis dun grupo**, o alumnado deberá desinfectar (con desinfectante e pano desbotable) a mesa e a cadeira que usaron antes de abandonar a aula. Ademais a aula será ventilada durante 5-10 minutos. Para garantir este tempo serán os especialistas os que acudan ás aulas a buscar ao alumnado.

21.- As ventás, persianas, ordenador, etc de cada aula deberá ser manipulado exclusivamente polo profesorado para diminuír riscos de contaxio.

22.- Cando o alumnado faga uso dun aula ou espazo deberá **desinfectar as mans á entrada e saída da mesma**. Nos espazos usados por varios grupos o **material de uso común** debe **desinfectarse antes e despois**, por exemplo na aula de música, ou no ximnasio.

23.- O profesorado debe realizar a hixiene de mans e desinfección de cadeira e material común na sala de profesores así como manter a distancia de seguridade.

24.- **Eliminarase** da aula todo aquel **mobiliario que non aporte nada**, coa finalidade de non diminuír a superficie útil da clase.

25.- **O alumnado sempre se sentará no mesmo sitio**. Cada cadeira e cada mesa de cada aula de cada grupo debe estar asignada a un alumno/A, estando prohibido que o alumnado poida cambiarse de sito baixo ningún concepto.

26.- A hora **de asignar pupitre** ao alumnado haberá que ter en conta o **alumnado con NEAE** que vai recibir apoio dentro da aula para que haxa espazo suficiente para o profesorado de apoio.



27.- Si se forman equipos, e recomendable que os grupos sexan sempre os mesmos.

28.- As medidas específicas para o uso do ximnasio e da biblioteca están recollidas no plan de Adaptación do CEIP Raquel Camacho.

1.15.- ASEOS E AFOROS:

- O labor de limpeza dos aseos, 3 veces ao longo da mañá e 2 pola tarde corresponde á empresa de limpeza asignada polo Concello.

- As billas empregaranse exclusivamente para a hixiene de mans, **quedando terminantemente prohibido empregalos para beber auga ou encher botellas.**

- O alumnado de Educación Primaria empregará os aseos existentes na zona que lle corresponda á súa aula.

- Respectaranse os labores de limpeza e desinfección, polo que aqueles que estean sinalizados nese intre con eses distintivos non poderán ser empregados.

- A limitación de aforo para os baños en Educación Primaria será de un usuario. Cando todas as portas dos baños estean pechadas o alumnado agardará fóra, no corredor achegado á parede da dereita., e entrará no momento en que un dos usuarios abandone o baño.

- Haberá un baño en cada pavillón reservado para o alumnado de NEE.

-En educación Infantil :

Nas aulas de 6º A e B que contan con baño dentro da aula os titores/as vixiarán que só entre un alumno/a de cada vez.

Nas aulas de 5º A e 5º B de educación Infantil que comparten baño, asignarase a cada aula unha mascota que se colocará encima de cada baño e de cada lavabo, explicándolle ao alumnado que ese é o baño e lavabo que teñen que empregar. O mesmo levarase a cabo nas aulas de 4º A e 4ºB de educación Infantil.

Durante o recreo o alumnado de infantil non empregará os baños do patio, sinon que cada grupo irá ao baño da súa aula, o que é posible debido a que todas as aulas dan ao patio de recreo.

Durante os recreos a alumnado que faga o recreo na pista do instituto irá aos baños situados na planta baixa do pavillón2, debendo pedir permiso ao profesor de garda que debe vixiar que acudan de un en un. O alumnado que faga os recreos no pavillón e na pista verde acudirá aos baños situados na pista verde. Un dos profesores de garda estará sempre na porta destes baños vixiando que só entre un neno/a de cada vez.



Aínda que desde o punto de vista pedagóxico non é o máis recomendable, por cuestións de seguridade é preferible que os servizos se usen preferentemente en horas de clase, sendo excepcional o uso do baño durante o recreo.

- Todos ao finalizar os recreos IRÁN DIRECTAMENTE ÁS AULAS, NON PODERÁN PARAR NOS BAÑOS, á volta do recreo serán os profesores/as que teñan docencia no grupo os que regularán o fluxo de asistencia ao baño controlando a hixiene de mans e o aforo.

-O profesorado e persoal non docente fará uso dos aseos situados no pavillón 1 e no pavillón 2. O aforo é de 1 persoa en cada aseo.

os aseos terán cartelería sobre o correcto lavado de mans.

1.16.-USO DA BIBLIOTECA:

-O obxectivo principal é que a biblioteca sexa unha contorna segura e saudable mediante o establecemento de medidas preventivas, colectivas e individuais co obxectivo de previr no máximo posible o risco de contaxio por COVID-19 ós alumnos que fagan uso da mesma.

-As medidas incluídas no presente protocolo son obxecto de revisión continua en función da evolución do risco sanitario e das decisións que adopten as autoridades sanitarias autonómicas e estatais. Estas medidas iranse actualizando cando sexa necesario, se os cambios na situación epidemiolóxica así o requiren.

1.16.1.-- Medidas xerais de protección individual:

- O alumnado debe hixienizar as mans con xel hidro alcohólico antes e despois da estancia na sala.

- Na entrada da sala haberá unha mesa co xel hidro alcohólico, spray desinfectante e panos desbotables. Haberá unha papeleira con bolsa ou pedal para o efecto.

- Hixienizar as mans antes e despois de manipular un libro.

-Solicitarase o libro que se desexe ao mestre de garda. En caso de non levalo en empréstito ao rematar deixarase na caixa de confinamento (haberá unha caixa de cartón para cada día da semana)

-As devolucións e empréstitos serán feitas exclusivamente polo Equipo da biblioteca. Os libros devoltos serán depositados na caixa de confinamento correspondente, onde permanecerán unha semana ata poñelos de novo en circulación

-Non está permitido o uso de xogos de mesa e semellantes cando sexa compartido.

- É obrigatorio o uso da máscara de protección. As persoas dentro da biblioteca SEMPRE empregarán máscara e manterán a distancia de seguridade.



-A Biblioteca poderá ser usada ata o 50% do seu aforo, tendo en conta que se manteña a distancia de seguridade e se optimicen os postos dispoñibles. Excepcionalmente, o equipo directivo pode ampliar ou reducir o aforo sempre que se cumpran as condicións de seguridade.

-O equipo de biblioteca sinalizará a mesas e a cadeiras para garantir a distancia de seguridade. Ao rematar, os usuarios da biblioteca hixienizarán os postos que teñan ocupado con solución desinfectante que se atopará nunha mesa específica con cartelería explicativa.

-Manteranse as xanelas abertas o maior tempo posible cando as condicións meteorolóxicas e do edificio o permitan, para que haxa unha maior ventilación.

-As ventás, portas, persianas, dispositivos de funcionamento da iluminación, os proxectores, e restantes ferramentas pedagóxicas serán unicamente usadas polo profesorado, coas medidas de seguridade e hixiene que procedan.

1.16.2.- Utilización do equipamento informático

-Os equipos de traballo (ordenador, teclado, rato) deberán ser usados só polo equipo de biblioteca, desinfectarase sempre antes da súa manipulación e ao rematar.

-Para empregar o equipamento informático polo alumnado farase baixo petición previa ao mestre de garda ou responsables da biblioteca, cada usuario deberá desinfectar ben as súas mans antes de usalo así como desinfectar adecuadamente o seu posto, ordenador, teclado, rato e outros materiais empregados cando abandone o seu posto.

1.16.3.-Utilización da biblioteca durante o recreo

-Debido a que a biblioteca tamén se empregará para desdobres ou talleres durante o recreo non haberá préstamo nin poderá estar o alumnado a non ser que acuda co seu grupo e profesor/a.

-Os titores/as que desexen libros para a biblioteca de aula deben mandar un correo electrónico ao e-mail da biblioteca coa solicitude de libros que desexen. Estes libros serán preparados polo voluntariado da biblioteca en lotes e avisarase cando estean listos para recoller.

- O voluntariado poderá acudir á biblioteca por grupos estables e acompañados de persoal do equipo da biblioteca para a realización de distintas tarefas (Préstamo de aulas, organización de andeis...)

1.16.4.- Utilización da biblioteca polas tardes

-**Polas tardes** poderá ser empregada polos usuarios para realizar empréstitos, para consultas e para uso dos equipos informáticos. Antes e despois de empregar os equipos informáticos será necesario que os usuarios realicen unha limpeza de mans e desinfección dos elementos de uso (teclado e rato). O aforo máximo será de 12 persoas. Os libros, materiais e uso de ordenadores deberán solicitarse ao mestre de garda. Non se poden coller libros dos estantes polo alumnado. Os libros que manipule o alumnado deben ser deixados nas caixas para o efecto.

1.16.5.- Dinámicas e actividades



-Cando se realicen como contacontos, obras de teatro, monicreques,..., se o fai un grupo de nenos e nenas deberán ser un máximo de 6 alumnos/as na biblioteca para preparalas e 2 axudantes de biblioteca ademais do mestre encargado). A exposición pública a outro grupo farase ao aire libre (patio ou pavillón) e mantendo a distancia de seguridade e o uso da máscara a non ser que se trate de alumnos da mesma clase, podendo neste caso facela na propia aula ao tratarse dun grupo de convivencia estable.

-No caso de realizar obradoiros dentro da biblioteca, serán dun máximo de 25 alumnos/as, utilizarán máscaras e o material será de carácter individual. Ao rematar, cada neno/a hixienizará a súa mesa e cadeira.

- No caso de encontros con escritores, faranse preferentemente de maneira telemática, en caso de realizarse de maneira presencial faranse no pavillón ou ao aire libre.

1.16.7.- Empréstito de libros para as aulas/casa

O equipo de biblioteca, xunto cos axudantes, realizarán unha selección ampla de títulos axeitados á idade das crianzas e se rexistrarán ao nome de cada aula. Estes libros serán levados a cada aula xunto cunha listaxe en forma de grella, onde mestre titor anotará ao lado de cada libro o nome do alumno ao que se lle presta, a data de préstamo e a de devolución. Os cativos devolverán os libros lidos a unha caixa con tapa situada na propia aula e alí permanecerán en corentena durante un mínimo 48 horas antes de poder poñelos de novo en circulación.

Todo o que ten relación coas normas de uso da biblioteca por parte das usuarias/os, voluntariado e docentes, será publicitado no blog da biblioteca (<http://bibliotkrc.blogspot.com/>) así como na páxina web do colexio (<http://www.edu.xunta.gal/centros/ceipraquelcamacho/>) nun cartaz que se realizará a tales efectos.

2.- ACTUACIONES DE PREVENCIÓN, HIXIENE E PROTECCIÓN.

- **Creación Equipo Covid** que actuará como referencia para o resto do persoal, profesorado, alumnado e familias en relación as función recollidas no Plan Adaptación á situación Covid 19 no curso 2020-2021.
- Determinación do **espazo de illamento COVID**: Aquelas persoas nas que se detecten síntomas serán illadas no laboratorio de inglés mentres non se xestiona o seu traslado. O alumnado estará acompañado por un dos docentes que imparta docencia a dito alumno/a. Abrirase a ventá deste espazo mentres a persoa está nese lugar, que contará con:
 - Máscaras cirúrxicas para adultos e infantís.
 - Cubo para o lixo con pedal, tapa e bolsa de plástico.
 - Solución hidroalcohólica
 - Panos individuais desbotables.



Solución desinfectante.

- No caso de ser necesario illar a unha persoa, o equipo COVID avisará ao persoal de limpeza para que extreme as medidas preventivas e de desinfección.
- Antes da súa desinfección sinalizarase a prohibición do paso a ese espazo mediante un cartel visible a todo o persoal do centro e deixarase con ventilación constante.

2.1.-MEDIDAS XERAIS DE PROTECCIÓN INDIVIDUAL RECOLLIDAS NO PLAN DE ADAPTACIÓN.

- Os titores e titoras serán as responsables de dar a coñecer as actuacións do Plan de forma adaptada á idade do **alumnado**. O primeiro día explicarase en profundidade e durante as primeiras semanas do curso traballarán co seu grupo na adquisición destas rutinas:
 - Evitar tocarse ollos, nariz e boca.
 - Hixiene de mans (seguindo as instrucións que hai en tódolos aseos).
 - Tapar a boca cun pano desbotable ao tusir ou esbirrar que se desbotará nun cubo do lixo con tapa, se non é posible tusir contra a flexura do cóbado. E incidir na limpeza de mans posterior.
 - Manter a distancia física.
 - Non compartir o material propio.
- **En canto ao uso de material de uso compartido** (fotocopiadora, ordenadores, encuadernadora, guillotina, plastificadora, microondas, máquina de café...) **CADA USUARIO** desinfectará despois do seu uso con desinfectante de superficies e usará xel hidroalcohólico de mans para o seu manexo.
- O alumnado desinfectará a súa cadeira e mesa ao entrar na súa aula á primeira hora. Desinfectará á entrada e saída nas aulas compartidas (música, valores...) a súa mesa e cadeira e material de uso común.
- O profesorado desinfectará o ordenador, teclado, mando a distancia, mesa e cadeira da aula que use unha vez rematada a clase para deixalo listo para o seguinte profesor/a. E usará xel hidroalcohólico de mans para o seu manexo.
- Sempre que as condicións metereolóxicas o permitan as **xanelas** estarán abertas o maior tempo posible.
- Cada aula contará cunha **folla rexistro** na que ir anotando as **ventilacións** realizadas ao longo da xornada que irá asinada polo profesorado responsable do grupo en cada momento
- Cada aula correspondente a cada un dos grupos, a sala de profesores/as, orientación, aula de PT, biblioteca, , aseos, Informática, laboratorio de Inglés, secretaría, xefatura de estudos, dirección... contará con:
 - Papeleira con bolsa/pedal para os panos desbotables do secado de mans ou para o cumprimento de “etiqueta respiratoria”.
 - No contenedor destinado á fracción resto serán depositadas máscaras, luvas de látex, etc.



- A principio de curso entregárase a cada titor/a ou ao profesorado responsable de cada aula un dispensador con xel hidroalcohólico, panos desbotables e un pulverizador con desinfectante de superficies.
- Os membros do equipo Covid comunicarán a secretaria a necesidade de reposición de material de protección onde sexa preciso.
- O persoal de limpeza encargase unha vez finalizada a xornada escolar de limpar os espazos do centro e diariamente deberá centrarse:
 - Nas mesas do alumnado e do profesorado en todas as aulas dos grupos incluíndo as aulas específicas (pt, al, informática, música, inglés, aula de plástica), orientación, ximnasio, biblioteca...).
 - Aseos (sanitarios, lavabos, espellos, paredes...)
 - Chan de corredores e aulas.
 - Secretaría, conserxería, xefatura de estudos, administración e dirección (teléfono, mesa co ordenador e mesa de traballo)
 - Sala de profesores/as (mesas dos ordenadores e mesa grupal)
 - Pasamáns, pomos das portas e puntos de luz.
 - Mesas colocadas como barreira fronte á secretaria.
 - Baños (billas e cisternas) tres veces pola mañán e 1 pola tarde (2 nas zonas onde se realicen as actividades extraescolares)a
 - En todo caso prestarase especial atención ás papeleiras, de xeito que queden limpas e cos materiais recollidos.
- **No caso de detectarse un posible caso de COVID** haberá que ter presente que a bolsa de lixo cos residuos, deberá ser pechada e depositada dentro doutra bolsa con peche para ser depositada na fracción resto.
- No caso do **comedor**, ao tratarse de Comedor xestinado pola Anpa seguiranse as medidas de limpeza e protección adoptados no seu protocolo.
- **Rexistro e inventariado e protocolo de compra e difusión do material** de protección: recollidas no Plan de Adaptación.
- **Xestión de abrochos**: recollida no Plan de Continxencia.
- Nos **corredores estableceranse sentidos de entrada e saída** diferentes en ambas marxes do corredor, segundo o recollido no Plan de Adapatación covid 19.

3.- ACCIÓNS FORMATIVAS PARA A MELLORA DA COMPETENCIA DIXITAL DO ALUMNADO NECESARIA PARA O SEU DESENVOLVEMNTA NA MODALIDADE DE ENSINO PRESENCIAL OU, DE SER O CASO, NON PRESENCIAL



O equipo docente formarase naquelas actividades que dende a Consellería se estimen necesarias na Covid 19 así como en aqueles aspectos de aulas virtuais que faciliten a xestión educativa e pedagóxica no caso de formación semipresencial ou non presencial.

A maior parte do profesorado do centro ten unha formación básica que lle permite subir contidos á Paxina Web so centro e a Plataforma Edixgal. Nas primeiras semanas de setembro está previsto realizar formación específica sobre o uso da aula virtual para o profesorado de 3º e 4º de Educación Primaria, e para os que estean interesados nesa formación co fin de que todo o profesorado que o desexe poida facer uso da aula virtual, ademais do profesorado de 3º e 4º de E.P..

Haberá un profesor do centro con coñecementos que será o responsable do traballo de mantemento da aula virtual, sendo os titores de cada aula os que deberán subir e xestionar os contidos para o seu alumnado. O resto de funcións relacionadas coas tics (comunicación coa UAC, co responsable Abalar de zona, xestión de incidencias das aulas E-dixgal, divulgar accións de formación...) forman parte das tarefas do equipo TICs.

4.- ATENCIÓN AOS ASPECTOS EMOCIONAIS E SOCIAIS, MEDIANTE A REALIZACIÓN DE ACTIVIDADES GRUPAIS DE ACOLLIDA E COHESIÓN

Según o informe da UNESCO “Promoción del bienestar socioemocional de los niños y jóvenes durante la crisis” (2020), a pandemia do COVID 19 causou un forte impacto psicolóxico na comunidade educativa e na sociedade en xeral. O cerre dos centros educativos, a necesidade de distanciamento físico, a perda do traballo e dos seres queridos e a privación dos métodos de aprendizaxe convencionais xeraron estrés, presión e ansiedade, especialmente entre docentes e alumnado e as súas familias.

Ademais, si en situacións normais o comezo de curso é un momento sensible e importante, o impacto da situación extraordinaria provocada polo Covid 19 vai incrementar a necesidade de traballar no inicio del curso 2020-21 os aspectos socio-emocionais do alumnado e a posta en marcha de dinámicas de cohesión grupal que permitan o seu correcto desenvolvemento, sen perder de vista a importancia de outros ámbitos de aprendizaxe esta tamén é unha medida prioritaria a desenvolver: coñecer e compartir as vivencias e experiencias do noso alumnado, as súas emocións e sentimentos tanto positivos coma negativos, así como comprender as estratexias que desenvolveron para afrontar os acontecementos dos últimos meses e o nivel de impacto na súa situación de benestar actual.

Isto permitirá levar a cabo unha intervención educativa axustada a cada unha das realidades nas que se atopan. Será fundamental, por tanto, que nesta fase de acollida se acumulen forzas e se invista



tempo de calidade no coñecemento e mellora do benestar socio-emocional de todo o alumnado -e da comunidade educativa en xeral-.

Por outro lado, a pandemia e a situación de emerxencia sanitaria supuxeron novas aprendizaxes, tanto no ámbito persoal como colectivo, nos sistemas que organizan as nosas vidas e nos modos de relación tanto no ámbito social como educativo. Temos a oportunidade de recoñecer e poñer en valor as situacións vividas, para permitir que o noso alumnado as transforme en aprendizaxes positivas, en aprendizaxes para a vida. Por iso é importante partir desas experiencias e vivencias derivadas da situación de alarma, identificar sentimentos e emocións que contribúan a reconstrución socio-afectiva.

Por todo isto nas primeiras semanas do curso levaranse a cabo as seguintes actividades:

- Dinámicas de cohesión grupal: Adaptando xogos (xa que debemos evitar o contacto físico e manipulación de elementos) como por exemplo a telaraña, qué e quen....
- Ler contos (“*Si yo tuviera una púa*”, “*qué asco de sandwich*”, “*Clara non para*” “ *O gato Guille e os monstros*” *Orelas de bolboreta*”...) ou ver curtas (<https://www.youtube.com/watch?v=AZS5cgybKcI>, https://www.youtube.com/watch?v=4INwx_tmTKw&t=12s) sobre as emocións para logo traballar sobre elas.
- Escribir/falar sobre como se senten agora e como se sentiron durante o confinamento.
- Empregar a pintura e a música para traballar as emocións.
- Expresar con xestos como se senten en distintas situacións, e poñerlle nome a esa emoción.
- Facer esculturas emocionantes.
- escoitar música.
- Calquera outra actividade de acollida/cohesión que os titores/as consideren oportunas para mellorar os aspectos emocionais e de socialización do seu alumnado.